

Revista do **PORTA** DA AUGA

*Actividades,
xornadas e cursos*

NOVIDADES!!

FP Dual en Electromecánica
Formación para o emprego
de electrónica

Pavimentos laminados
na construción

ENTREVISTAS

TECNOESTRÉS?
e efectos das **TIC**

RAIMUNDO IBÁÑEZ,
persoa de acción

... e moito máis!



sumario

Editorial	3
FP Dual Electromecánica de Maquinaria (curso 2017/18)	4
Formación para o emprego de Electricidade e Electrónica	6
Mariñador: unha experiencia de emprendemento	7
Pavimentos laminados	8
O papel pintado	10
Curso de Autocad	11
Actividades complementarias realizadas no departamento de transporte e mantemento de vehículos neste curso 2016/17	12
Plan de evacuación do CIFP Porta da Auga	13
Que é o tecnoestrés?	14
Actividades do Departamento de Administración	15
Efectos das TIC na saúde do traballador	16
O Sound System e a música	16
Como conectar dous ordenadores con cable de rede cruzado	17
Como pasaron os anos... como cambiaron as cousas	18
Entrevista a Alejandra Sánchez	19
Xornada sobre o novo Regulamento de Produtos da Construción (CPR)	20
Actividades do Departamento de Servizos Socioculturais e á Comunidade	21
Sedentarismo, ximnasio e dietas... ou educación física? Ti podes elixir	23
Intelixencia emocional: concepto útil?	25
Recordo	26
Raimundo Ibáñez	27
Pasatempos	28
Actividades do Equipo de Dinamización da Lingua Galega	31

Tedes entre as vosas mans o quinto exemplar da Revista do Porta. Espero que nel atopedes a información que buscades ou polo menos pasedes un bocado entretidos coas novas que vos presentamos sobre o que no CIFP Porta da Auga estamos a desenvolver.

Non é nada fácil decidir que destacar do acontecido neste curso porque todo ten a súa importancia, pero como o espazo é limitado e hai que elixir, vou centrarme en comentarvos dúas cousas: o que será unha novidade na nosa oferta formativa cara o vindeiro curso e a que para min supuxo unha das máis grandes satisfaccións deste ano.

Comezo pola novidade. Durante este curso estivemos levando a cabo diversos contactos con empresas do sector forestal e agrícola do contorno, coa finalidade de poder desenvolver conxuntamente un proxecto de formación dual. Estas visitas deron os seus froitos e estamos en condicións de dicir que **no vindeiro curso** poñeremos en marcha o **ciclo de grao medio de Electromecánica de maquinaria** en réxime de adultos cun proxecto de formación profesional dual, é dicir, o alumnado matriculado neste ciclo **compaxinará a formación no centro educativo coa formación na empresa**. Este ciclo, que ven completar a oferta da Familia de Transporte e Mantemento de vehículos, vaise desenvolver en tres cursos. O primeiro trimestre de cada curso o alumno acudirá ao centro educativo para recibir a formación teórica e o resto do tempo pasarao na empresa. Ademais o alumno, que terá a condición de bolseiro, percibirá durante os meses que pase na empresa unha retribución conforme ao pactado no convenio a asinar entre os empresarios e a Consellería de Educación.

Esperamos que este ciclo, que comezamos a impartir cun proxecto experimental en Dual, teña un longo percorrido.

E a outra noticia a destacar é que, en xuño, titula a nosa **primeira promoción de técnicos en formación profesional básica de mantemento de vehículos**.

Esta noticia pode que non a vexades moi destacable pois é verdade que non somos o único centro no que titula alumnado en básica, pero o certo é que neste caso a nós fainos unha especial ilusión porque non foi nada fácil chegar ata aquí.

Cando empezamos, o curso pasado, as particularidades deste grupo (moi numeroso e heteroxéneo) facíanlo especialmente difícil. Por iso é de xustiza facer un **recoñecemento ós alumnos que agora titulan**, pois demostraron unha capacidade de adaptación e unha evolución académica moi positiva; e tamén facer un **recoñecemento ós docentes**, pois coa súa implicación e determinación promoveron o avance destes alumnos.

Esperemos agora que a maioría continúen coa súa formación, tan necesaria para poder introducirse nun mercado laboral tan cambiante, e por suposto, desde aquí facémos-

lles o ofrecemento para que, se así o teñen a ben, sigan contando con nós para realizar esa tarefa.

En calquera caso desde o CIFP Porta da Auga **desexámoslles a eles e a todos os demais grupos** que agora titulan, tanto se continúan estudando como se deciden incorporar ó mundo laboral, **o mellor cara ó futuro**.

Sen máis, déixovos gozar da lectura deste exemplar e lembre que podeades contactar con nós para calquera información ou aclaración que necesitedes.


Un saúdo



Beatriz Dobaño Torrón
Directora do CIFP Porta da Auga

FP Dual Electromecánica de Maquinaria (Curso 2017/18)

Jesús Menéndez
Vicedirector



No próximo curso ofertarase **por primeira vez** no noso centro o **Ciclo Medio de Electromecánica de Maquinaria en réxime de FP dual**. Este réxime ten unhas implicacións de coordinación e relación con empresas moi superior ao réxime ordinario.

Empresas do sector forestal manifestáronnos as dificultades que estaban a ter para poder **contratar traballadores coa formación e capacitación adecuada**, así que, tras contactar e reunirnos con estas e outras empresas do sector, comezamos a perfilar este ciclo de Dual, axeitado para formar traballadores produtivos nun prazo de tres anos, e co incentivo para os estudantes dunha **remuneración económica por parte das empresas desde o primeiro momento**. Os alumnos deste ciclo recibirán a maior parte da **formación teórica de cada módulo no noso centro**, a parte teórica máis específica e **a formación práctica recíbrana na empresa** que lles corresponda.

Os candidatos deben ter idades comprendidas entre os 18 e os 29 anos. Terán que superar un proceso de selección (entrevista persoal na empresa correspondente), así como cumprir os requisitos de acceso.

As empresas que van participar no proxecto son:

CLUN: Cooperativas Láctea Unidas. A gran cooperativa galega colaborará connosco coa súa sección de maquinaria agrícola.



Dingoma S.A: Empresa do sector de maquinaria forestal constituída no ano 1992. Están especializados na construción de Autocargadores, Equipos contra incendios, Equipos de compactado e Dumper. Está situada en Xarrio-Coaña.



Fondrigo Maquinaria: Empresa especializada en Maquinaria agrícola e de construción, obra pública e urbana. Son importadores das marcas Schäffer e Westermann. Sita na Veiga.



Logmax Iberia: Empresa de nova creación, importadora en España das marcas suecas Eco log, Log Max e Brucks e da estadounidense C.B.I., especializadas en maquinaria forestal. Está situada no Polígono industrial de Fazouro.



Talleres Rouco: Empresa especializada na reparación e venda de todo tipo de maquinaria forestal, agrícola e de obras públicas. Tamén traballan con maquinaria de elevación e transporte. Está localizada no Valadouro.



TECMAF: O centro técnico de maquinaria forestal foi fundado no 2005. Traballan na reparación de todo tipo de maquinaria forestal cunha elevada especialización. Posúen unhas instalacións de 3.600 m² e realizan reparacións de maquinaria in situ. Está situado no polígono de Barreiros.



A continuación achegamos unhas táboas nas que se pode ver a temporalización do proxecto e a distribución dos módulos en cada curso.

Duración do proxecto			Curso 17-18	Curso 18-19	Curso 19-20	FCT
Formación curricular	Centro educativo	Formación centro educativo (52,2 %)	353 h	338 h	313 h	-
	Empresa	Formación en empresa (47,8 %)	164 h	182 h	170 h	410 h
Total			2000 h			

Curso 2017 - 2018												
Set.	Out.	Nov.	Dec.	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuño	Xullo	Ago.	Set.
Formación no centro educativo				Actividade profesionalizadora / formación na empresa								

FCT: Formación en centro de traballo.

Distribución por curso:

FCE: Formación en centro educativo.

FEM: Formación en empresa.

Código módulo	Nome módulo	Horas módulo	totais	FCE	FEM
MP0714	Sistemas de suspensión e guía	267	174	93	
MP0456	Sistemas de carga e arranque	213	138	75	
MP0719	Formación e instalacións laborais	107	81	26	
TOTAL:		587	393	194	

Curso 2018 - 2019												
Set.	Out.	Nov.	Dec.	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuño	Xullo	Ago.	Set.
Formación no centro educativo				Actividade profesionalizadora / formación na empresa								

Código módulo	Nome módulo	Horas módulo	totais	FCE	FEM
MP0260	Mecanizado básico	107	70	37	
MP0717	Equipamentos e aparatos	133	86	47	
MP0716	Sistemas de Accionamento de equipamentos e aparatos	157	102	55	
MP0718	Circuitos eléctricos, electrónicos e de confortabilidade	123	80	43	
TOTAL:		520	338	162	

Curso 2019 - 2020												
Set.	Out.	Nov.	Dec.	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuño	Xullo	Ago.	Set.
Formación no centro educativo				Actividade profesionalizadora / formación na empresa								

Código módulo	Nome módulo	Horas módulo	totais	FCE	FEM
MP0452	Motores	133	86	47	
MP0742	Sistemas auxiliares do motor diésel	140	91	46	
MP0715	Sistemas de forza e dirección	157	102	55	
MP0720	Empresa e iniciativa emprendedora	53	34	16	
TOTAL:		483	313	164	

A capacitación profesional do CM de Electromecánica de maquinaria é a seguinte:

* a) Mantemento de sistemas de rodaxe e transmisión de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil, e dos seus equipamentos e aparatos. TMV285.2 (Real decreto 815/2007, do 22 de xuño), que abrangue as seguintes unidades de competencia:
UC0849.2: manter os sistemas de dirección e suspensión de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil
UC0850.2: manter os sistemas de transmisión e freos de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil
UC0851.2: montar e manter os sistemas de accionamento de equipamentos e aparatos de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil
UC0852.2: montar e manter equipamentos e aparatos de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil
* b) Mantemento do motor e dos sistemas eléctricos, de seguridade e de confortabilidade de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil. TMV295.2 (Real decreto 815/2007, do 22 de xuño), que abrangue as seguintes unidades de competencia:
UC0629.2: manter motores diésel
UC0853.2: manter os sistemas eléctricos, de seguridade e de confortabilidade de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil

Iniciamos este proxecto con moita ilusión e confiamos en poder cumprir as expectativas das empresas colaboradoras e ofrecer unha magnífica alternativa de formación e emprego a todas as persoas interesadas.



FORMACIÓN PARA O EMPREGO DE ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA

Durante este ano 2017 e do vindeiro 2018, o Departamento de Electricidade impartirá dous novos cursos de formación profesional para o emprego.

De abril a setembro de 2017 terá lugar un curso sobre montaxe e mantemento de sistemas de megafonía e de circuíto pechado de televisión (CCTV). O curso consta dun total de 428 horas de acordo coa seguinte programación:

MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE MEGAFONÍA, SONORIZACIÓN DE LOCAIS E CIRCUITO PECHADO DE TV (ELES0109) (RD683/2011 de 13 de MAIO de 2011).

UNIDADES DE COMPETENCIA.	HORAS
UC0597-2 MONTAR E MANTER INSTALACIÓNS DE MEGAFONÍA E SONORIZACIÓN DE LOCAIS.	
MF0597-2 Montaxe e mantemento de instalacións de megafonía e sonorización de locais. UFO898: Montaxe de instalacións de megafonía e sonorización de locais 60 h UFO899: Mantemento de instalacións de megafonía e sonorización de locais 60 h UF0886: Prevención de riscos laborais e medioambientais na montaxe e mantemento de instalacións eléctricas.....30 h	150 H
UC0598-2 MONTAR E MANTER INSTALACIÓNS DE CIRCUITO PECHADO DE TV	
MF0598-2 Montaxe e mantemento de instalacións de circuíto pechado de TV UFO900 : Montaxe de instalacións de circuíto pechado de TV.....60 h UFO901 : Mantemento das instalacións de circuíto pechado de TV60 h	120 H
MP0184 Módulo de prácticas profesionais non laborais	80 H
MÓDULO TRASVERSAL 6 : Inser. Laboral sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero	10 H
MÓDULO TRASVERSAL 7 : Básico de prevención de riscos	60 H
MÓDULO TRASVERSAL 8: Formación para igualdade.	8 H
TOTAL HORAS	428 H

A partir do mes de outubro e durante o vindeiro ano 2018 será impartido un curso sobre redes de telefonía e infraestruturas de redes de datos.

MONTAXE E MANTEMENTO DE SISTEMAS DE TELEFONÍA E INFRAESTRUTURAS DE REDES LOCAIS DE DATOS (ELES 0209) (RD683/2011 de 13 de MAIO de 2011).

UNIDADES DE COMPETENCIA.	HORAS
PERIODO OUTUBRO de 2017 ata decembro de 2017 (240 horas)	
MF0599-2 Montaxe e mantemento de centraliñas de baixa capacidade. UF1118: Montaxe de sistemas telefónicos con centraliñas de baixa capacidade 80 h UF1119: Mantemento de sistemas telefónicos con centraliñas de baixa capacidade 70 h UF1120: Prevención de riscos laborais e medioambientais na montaxe e mantemento de instalacións eléctricas en telefonía30 h	180 H
MÓDULO TRASVERSAL 7 : Básico de prevención de riscos	60 H
PERIODO xaneiro de 2018 ata xuño de 2018 (258 horas)	
MF0600-2 Montaxe e mantemento de infraestruturas de redes locais de datos UF1121 : Montaxe de infraestruturas de redes locais de datos.....80 h UF1122 : Mantemento de infraestruturas de redes locais de datos80 h	160 H
MP0232 Módulo de prácticas profesionais non laborais	80 H
MÓDULO TRASVERSAL 6 : Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero	10 H
MÓDULO TRASVERSAL 8: Formación para igualdade.	8 H
TOTAL HORAS	498 H



Mariñador: unha experiencia de emprendemento

Somos un grupo de catro alumnas/os que, coa axuda da profesora Amalia Rivas Tomé, realizamos un **proxecto de posta en funcionamento dunha empresa**. Este proceso non foi doado para nós: **pensar que tipo de empresa montar, en que centrarse, nome, logo, etc.** Pero, con esforzo, boa vontade e traballo en grupo lográmoslo.

O proxecto desenvólvese ao amparo do **programa Lanzadeiras Lugo, dentro do plan Eduemprende** de emprendemento no Sistema Educativo de Galicia, que pretende implantar a cultura emprendedora nos niveis non universitarios.

Nesta acción colaboran a Consellería de Educación e a Fundación Alcoa, co fin de promover o espírito emprendedor, pero tamén de favorecer o desenvolvemento de cualidades persoais tales como creatividade, iniciativa, asunción de riscos, responsabilidade e innovación.

Analizadas as bases do programa, trazamos un plan de **empresa de turismo na Mariña Lucense**, co nome de Mariñador. Situámosto **en Ribadeo** polo gran desenvolvemento que ten o sector turístico, con cada vez máis relevancia, e coa previsión de que continúe medrando nos próximos anos.

A vila de Ribadeo ofrece unha **gran variedade de recursos turísticos**: paisaxe, historia, actividades culturais e deportivas, existencia de rutas, etc., así como unha gran oferta comercial e de servizos. Por todo isto consideramos que sería axeitado crear unha empresa para axudar a turistas e peregrinos que pasen a noite na vila a que aproveiten ao máximo a súa estancia.

Os servizos da nosa empresa céntranse en **dúas rutas, unha por Ribadeo e outra por Mondoñedo**, con parada ambas na **praia de As Catedrais**. Cada alumno asumimos un cargo dentro da empresa e ocupámonos polo miúdo de cada seu departamento, realizando en reunións de equipo



a necesaria posta en común. A experiencia da planificación foi moi enriquecedora.

Unha das rutas a realizar pola empresa levarase a cabo o martes 30 de maio cunha asociación que vén da Capela. Eles serán os nosos primeiros clientes!! Unha vez feito isto, só queda rematar a memoria e participar no concurso optando a un dos 5 premios en metálico.

Esperemos que os nosos clientes o pasen ben. Nós xa estamos contentos co traballo feito, e esperamos estalo máis co resultado positivo da experiencia.

**Anxo Seivane Villalba,
Sergio Rodríguez Bouso,
Melanie Azahara Otero Prado e
Tania Díaz López,**
alumnos de 2º curso de Ciclo Medio
de Xestión Administrativa

Pavimentos laminados

Julio Cesar García Díaz
Xefe do Departamento
de Edificación e Obra Civil

Os materiais laminados utilízanse na edificación desde a década de 1920, con usos tales como encimeiras, antepelitos de xanelas ou paneis de paredes, pero o seu emprego en pavimentos xurdiu co laminado de alta presión, abreviado HPL (High Pressure Laminate) que foi desenvolvido en 1977 pola empresa sueca Perstorp, de Trelleborg, que lanzou ao mercado os primeiros pavimentos ou pavimentos laminados a partir de 1980. Despois do rápido establecemento dos pavimentos laminados no mercado, escindiuse baixo a marca Pergo, e a empresa mantén actualmente múltiples patentes de superficies estratificadas.

O pavimento laminado componse de **varias capas**, normalmente de **derivados da madeira**, sendo a **última capa un composto sintético** que pode variar de composición, pero que xeralmente é un composto de resinas de melamina a alta presión, que leva impreso un debuxo imitando madeira ou mesmo a outros materiais (ladrillo, fotografías personalizadas, etc.).

O grosor da lámina (peza de material) adoita ser de entre 6 e 12 mm. A lonxitude varía en función dos modelos, pero o estándar oscila entre 1280 e 1350 mm, con anchos de 150 e 180 mm. Tamén existen anchos, longos e grosos especiais.



APLICACIONES

Existe un gran mercado deste produto, con gran **cantidade de estilos, formatos, cores e texturas** dispoñibles, existindo **imitacións de practicamente todas as madeiras**

naturais (carballo, faia, cerdeira...), así como de pedra ou cerámicas. Tamén se comercializan acabados con relevos, xa que certas marcas ofrecen un acabado rústico. É relativamente **sinxelo de instalar** e gañou popularidade nos últimos 20 anos debido ao sinxelo do seu mantemento e, sobre todo, ao seu prezo, **máis económico que os materiais naturais.**

Pode estar **garantida**, por norma xeral, **desde 5 anos ata 35 anos.** A composición laminada do produto permítelle resistir mellor as tensións de deformación. Para zonas moi húmidas, como **cociñas e baños**, recoméndase o **uso de materiais especiais**, xa que o material estándar non resiste ben o contacto prolongado con auga ou humidade. Puntualmente é máis duro que a madeira vernizada á abrasión (aínda que depende da resistencia do laminado), polo que resiste mellor os raspazos leves e as pisadas con tacóns.

Por norma xeral, ofrece **mellor comportamento ás manchas, que os vernices tradicionais** en tarima, parqué, aínda que é similar ao comportamento dos poliuretanos de nova xeración ou vernices á auga.

Os laminados de mellor calidade son empregados tamén **en bares e discotecas**, pola súa resistencia á abrasión, manchas e ás queimaduras de cigarros.

Os pavimentos laminados **compóñense de:**

- **Taboleiro HDF de alta densidade de fibra de madeira hidrófugo.**- Dependendo do fabricante o taboleiro pode ser máis resistente que outro. Algúns fabricantes non usan HDF no seu taboleiro senón MDF, taboleiro de media densidade. - **Papel decorativo**, é o papel que imita á madeira ou á cor desexada. - **Capa de melamina**, dependendo do fabricante esta pode ser máis ou menos resistente. Unha melamina de resistencia AC-4 dun fabricante A non é igual de resistente que unha melamina dun fabricante B.

- **Contra abalo.**- Algúns fabricantes utilizan un papel de contra abalo para evitar torsión no taboleiro.

Debido a que o laminado sintético pode presentar moi diversas propiedades segundo o fabricante, os pavimentos clasifícanse en **cinco calidades segundo a norma EN 13329.** Estas categorías son o resultado dun **test de abrasión**, onde unha máquina somete ao pavimento a unha serie de fregados cunha roda de papel de lixa, ata que o debuxo decorativo perde a súa aparencia orixinal, é dicir,

o test faise ata que o decorado desaparece (vólvese branco). Exemplo: se utilizamos un AC4 ou AC5 dun fabricante A e facemos un test de abrasión pode quedar branco antes que un AC4 ou AC5 dun fabricante B. Non se recomenda ter en consideración o test AC como factor único para a elección dun pavimento laminado.

Segundo o número de voltas soportadas, a resistencia da melamina ou capa de uso é:

- AC-1 (máis de 900 voltas)
- AC-2 (máis de 1.800 voltas)
- AC-3 (máis de 2.500 voltas)
- AC-4 (máis de 4.000 voltas)
- AC-5 (máis de 6.500 voltas)
- AC-6

Actualmente, os pavimentos laminados ou sintéticos, clasifícanse por clases de uso, non por resistencia AC xa que se presta a confusión. As clasificacións actuais non teñen semellanza coas anteriores, xa que non seguen un criterio de resistencia-uso. Un fabricante pode marcar AC 4 cunha clase 31 e iso é incorrecto. O que si temos que ver na ficha técnica do material é a resistencia AC asociada á clase de uso, para que exista coherencia e concordancia, pero non é condicional (o AC) para saber se un material é máis resistente que outro, xa que inflúen máis factores, por iso é polo que a maioría de fabricantes só marcan os paquetes coas clases de uso. Exemplo: un AC 4 dun fabricante A non ten nada que ver cun AC4 dun fabricante B. Hoxe en día hai fabricantes que clasifican con AC5 e a súa clase de uso é inferior a Clase 32, polo cal, confunden ao cliente final.

As **clasificacións actuais** usadas para os pavimentos laminados flotantes son:

- **Clase 31** - Para uso doméstico intensivo - comercial moderado.
- **Clase 32** - Para uso doméstico intensivo - comercial normal.
- **Clase 33** - Para uso doméstico intensivo - comercial intensivo.
- **Clase 34** - Para uso doméstico intensivo - industrial moderado.

CONSELLOS

- É importante á hora de adquirir este material desde un punto de venda profesional, **revisar o sistema de ancoraxe das pezas** (non todos os clics son iguais), xa que é o **punto máis débil do material**. Da calidade da ancoraxe dependerá en maior medida, o aspecto estético, xa que as xuntas abertas aprécianse con facilidade.
- **A resistencia ás manchas, químicos comúns e sol**, son valores a ter en conta.
- **Grosor e tableiro hidrófugo**, son importantes para a estabilidade dimensional do material, así como do seu **comportamento fronte á humidade e auga**. Un material de baixa calidade, tenderá a lombar fronte á presenza de humidade ou pequena presión. É importante coñecer a densidade do tableiro. Un tableiro de 7 mm pode ser máis estable e máis duro que un de 8 mm. Depende do fabricante.



- Grosor, de 7 ata 12 mm, e a densidade do tableiro (kg/m³), son importantes á hora de elixir un bo material, xa que aguantará mellor torsións e humidade, en función destes factores.

- Co **consello dun profesional vendedor ou un instalador**, pódese conseguir a mellor relación calidade-prezo para necesidades de cada quen, xa que hai un gran mercado e é difícil escoller con seguridade.

DESVANTAXES

- A principal desvantaxe é a súa **debilidade nas xuntas**, polo que para evitar isto, é fundamental conseguir unha superficie o máis homoxénea e nivelada posible. A superficie superior da lámina, é realmente dura en comparación coa madeira, pero as xuntas ábrense, arquean e expoñen o material interior que é pouco resistente, co que a dexeñeración do material é rápida. Hai que prestar atención a aqueles laminados que teñen protección adicional contra a humidade e selado perimetral. Non todas as marcas o levan. Tamén hai que ter en conta que non porque se elixa un pavimento “AC-5” este sexa moi resistente aos impactos de tacóns, son termos totalmente distintos. Un AC-5 non asegura unha mellor estabilidade de pavimento con respecto a un AC-3 ou AC-4.
- Na maioría dos casos, os patróns de deseño do laminado, cambian ao paso de poucos anos, co que **é complicado atopar pezas iguais de recambio**.
- Debido ao seu sistema de espazo perimetral, **adoita ser necesario cambiar o zócalo**, xa que o estándar, non adoita cubrir o espazo que necesita o material en todo o perímetro da instalación.
- O laminado unha vez que unha xunta rompeu ou gretou por un golpe ou por humidades, **non é posible lixar nin reparar a peza, sendo necesaria a súa substitución**, o que obriga a levantar parte do pavimento, incluíndo os rodapés.
- Sendo un material sintético **non permite acoitelado ou lixado nin vernizado, nin ningún tipo de pulido** ou produto recomendado para madeira, xa que non é madeira, é papel fotográfico con melamina.
- Moitos pavimentos laminados producen unha **carga electrostática** sobre os habitantes, o cal fai que sufran o típico “calambrazo” cando se toca algo metálico ou co rozamento con outra persoa.

O papel pintado

Evaristo Pérez Amor
Profesor de Edificación e Obra Civil

O papel pintado, tamén coñecido como empapelado, papel mural ou papel de colgadura, é un tipo de papel que se utiliza en **decoración de interiores** e se coloca sobre as paredes dun cuarto ou dunha estancia, cubríndoos total ou parcialmente.

O papel pintado consiste nunha superficie de papel estampada ou lisa que se pega ás paredes dunha estancia. Adoita posuír **deseños uniformes, como raias ou cadros, ou motivos que se repiten**, de modo que se poida colocar un rolo xunto ao outro mantendo a harmonía visual.

O papel pintado **procede de Oriente e empezou a chegar a Europa no século XVII** grazas ao comercio que se mantiña con aquela parte do mundo. Un dos mellores exemplos orientais exhibese na Casa Harewood do Reino Unido.



O seu primeiro éxito produciuse coa **Revolución industrial** grazas ao **abaratamento da súa fabricación** pola mecanización.

Os papeis **estiveron de moda en diversas épocas durante o século XX**. A comezos de século, proliferaban os motivos sinxelos, habitualmente, florais. Nos anos 30 e 40 evolucionaron cara a debuxos xeométricos. Finalmente, alcanzaron gran popularidade durante os anos 60 e, sobre todo, 70, cando se distribuíron con gran variedade de cores e deseños.

Na actualidade, pódese dicir que o papel goza dunha **relativa popularidade**. Entre as novas tendencias de decoración aplicadas ao mesmo pódense nomear as seguintes:

- **Papeis con imaxes dixitalizadas que recrean flores, paisaxes, animais, etc.** Utilízanse para xerar impacto nunha soa parede.
- **Estampados retro**, reproducindo deseños que estiveron en boga nos anos 70.
- **Papel pintable**. Trátase dun papel con relevo que permite pintar encima segundo o gusto do decorador. Iso confire a este material novas e ilimitadas posibilidades.

TIPOS DE PAPEL PINTADO

Pódense distinguir distintos tipos de papel pintado que se utilizarán en función das características da habitación que se queira decorar:

• Papel pintado gofrado

Consta dunha soa capa de papel e colócase na parede coa axuda de cola.

• Papel vinílico

Ten unha capa de plástico cubrindo o papel, que o protexe da humidade e fai que poida limparse facilmente cun trapo húmido.

Este tipo de papel é moi recomendable para lugares expostos á humidade, como cociñas e baños. Tamén é moi útil para os cuartos de nenos pola comodidade de poder limpalos facilmente.

• Papel vinilizado

Son papeis cunha capa de verniz que os protexe, podendo lavarse, pero non tan facilmente como os vinílicos.

• Papel texturado

Utilízase para dar unha textura á parede antes de pintalo. É moi útil para tapar imperfeccións da superficie.

• Papel con base téxtil

É un papel moi decorativo pero menos práctico que os anteriores, xa que son difíciles de limpar e para colocalos fai falta un pegamento especial.

• Papel autoadhesivo

Leste é o máis cómodo de colocar, xa que leva o pegamento incluído no papel, evitándose así a parte máis complicada do proceso.



DECORACIÓN CON PAPEL PINTADO

Algúns papeis vinílicos van pre-encolados, pero o normal é que o pintor ou o dono da casa teña que aplicarles cola na parte posterior para fixalos á parede. Existen diferentes tipos de pegamento:

- Cola celulosa, para papeis normais.
- Cola vinílica, utilizada para frisos vinílicos colocados sobre papeis do mesmo material.